

# HARMONÍA-JAZZ

<u>Especialidade:</u>	Interpretación Jazz
<u>Tipo:</u>	Disciplina de formación básica
<u>Itinerario:</u>	Jazz
<u>Materia:</u>	Harmonía de Jazz I-II
<u>Período de instrución:</u>	Anual
<u>Número de créditos de 1º:</u>	4
<u>Total de horas ao ano:</u>	48h presenciais + 72h estudo individual = 120h
<u>Departamento:</u>	
<u>Requisitos previos a 1º:</u>	Probas de Acceso ao Superior: Aprobada/o e admitida/o
<u>Profesor/a responsable:</u>	Xan Campos e-mail: <a href="mailto:xancampos@gmail.com">xancampos@gmail.com</a>

## Descrición da materia:

O obxectivo da materia de harmonía é gañar coñecementos harmónicos para comprender mellor a música, e en concreto aquela que se identifica directamente coa tradición do jazz ou ten algunha relación con ela, desde un punto de vista analítico, así como ampliar o espectro de recursos harmónicos do alumnado e a súa capacidade de visualización dos mesmos con rapidez, para así poder utilizalos con facilidade á hora de interpretar co instrumento, compoñer ou arranxar.

## Material recomendable para a clase:

Papel de pentagrama e lapis.

**Recursos:**

Piano acústico, computadora conectada a internet e equipo de son.

**Temática do 1º Curso:**

No primeiro curso desta materia vaise traballar basicamente a harmonía tonal. Aínda que moito do material xa debería ser coñecido polo alumnado, comezase desde os aspectos básicos para dar unha boa perspectiva de todos os contidos.

Estudárase a tonalidade maior e a tonalidade menor coas súas variantes natural, harmónica e melódica. Constrúense as tétradas sobre estas tonalidades, defínense as funcións tonais de todas elas, estableceanse as tensións útiles e as notas a evitar, e constrúense as escalas sobre todos estes graos tonais. Posteriormente fálase de todos os tipos de dominantes que se poden atopar: dominantes secundarios, dominantes estendidos, substitutos de trítono e acordes dominantes sen función de dominante. Tamén se verán os II-7 correspondentes a todos eles. Estudárase os acordes diminuídos e as súas diferentes funcións e por último trabállase o intercambio modal, afondando nas posibilidades máis usadas.

Todo o material estudado levarase á práctica á través da análise melódica e harmónica de temas e realizando composicións aplicando todos os coñecementos acadados. Ao final do cuadrimestre fálase unha composición usando todo o material traballado ata o momento.

**Avaliación**

O 70% da nota virá determinada por unha avaliación continua do traballo na materia. O profesorado cubrirá ao final de cada cuadrimestre un informe de avaliación continua que lle proporcionará a dirección pedagóxica.

O 30% restante virá dado polos exames que se levarán a cabo ao final de cada cuadrimestre, sendo imprescindible a obtención dun 4 como mínimo para superar a materia.

Informe de avaliación continua (70%):

Alumna/o:

Especialidade:

Itinerario:

-Composición final do cuadrimestre (5 puntos):

-Outros traballos e composicións realizadas (3 puntos):

-Participación e traballo na clase (2 puntos):

-Observacións:

Suma de todos os puntos previamente multiplicados, NOTA:

**Descrición Oficial e Competencias da materia segundo o DOG (DECRETO 163/2015, do 29 de outubro):**

Adquisición de habilidades e coñecementos que faciliten a percepción, creación, interpretación e reflexión musical no jazz; asimilación das teorías principais sobre a organización e funcionamento da música e da harmonía no jazz; estudo do repertorio e do contexto estilístico; desenvolvemento do oído, da memoria e da intelixencia musical.

**Competencias transversais**

- T1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- T3. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- T8. Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
- T11. Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
- T13. Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

**Competencias xerais**

- X1. Coñecer os principios teóricos da música e ter desenvolvido adecuadamente aptitudes para o recoñecemento, a comprensión e a memorización do material musical.
- X3. Producir e interpretar correctamente a notación gráfica de textos musicais.
- X8. Aplicar os métodos de traballo máis apropiados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudo persoal e na práctica musical colectiva.
- X10. Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre conceptos musicais diversos.
- X13. Coñecer os fundamentos e a estrutura da linguaxe musical e saber aplicalos na práctica interpretativa, creativa, de investigación ou pedagóxica.
- X18. Comunicar de forma escrita e verbal o contido e os obxectivos da súa actividade profesional a persoas especializadas, cun uso adecuado do vocabulario técnico e xeral.
- X22. Dispoñer de recursos musicais amplos e diversos para poder crear ou adaptar pezas musicais, así como improvisar en distintos contextos a partir do coñecemento de estilos, formatos, técnicas, tendencias e linguaxes diversos.

X23. Valorar a creación musical como a acción de dar forma sonora a un pensamento estrutural rico e complexo.

X24. Desenvolver capacidades para a autoformación ao longo da súa vida profesional.

### **Competencias específicas**

EI6. Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre a interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra musical.

EI7. Desenvolver aptitudes para a lectura e improvisación sobre o material musical.